

RESOLUCIÓN REITORAL DE 26 DE OUTUBRO DE 2018 POLA QUE SE APROBA A ORGANIZACIÓN DE CINCO OBRADOIROS PARA O CURSO 2018/2019.

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra posúe capacidade para organizar cursos, obradoiros, conferencias, así como aquelas actividades que teñen como obxectivo, entre outros, a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, e o Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, da Xunta de Galicia polo que se aprobaron os estatutos da Universidade de Vigo.

Tendo en conta o anterior, e dentro do marco do **Campus Crea**, esta Vicerreitoría, **RESOLVE**:

1 Anunciar a celebración dos seguintes obradoiros:

- “Fab Lab no campo expandido. Planificar-Construir”
- “Curso de iniciación á robótica educativa”
- “A Gamificación como ferramenta de innovación e motivación na aula”
- “O viño: ciencia, cultura e territorio”
- “Obradoiro práctico de cociña saudable para cerebros ocupados”

para o curso 2018/2019, con suxeición ás bases que figuran no Anexo I.

2. Ordenar a publicación da presente resolución e as bases que a regulan no Rexistro auxiliar do campus de Pontevedra da Uvigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, 26 de outubro de 2018

O Reitor

Por delegación RR de 21/06/2018 (Dog 28/06/2018)

O vicerreitor do Campus de Pontevedra



Jorge Soto Carballo

[Handwritten signature]

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios do Rexistro do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, con data 26 de outubro de 2018.

A/O FUNCIONARIO/O

[Handwritten signature]

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800002155

CSV

GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

26/10/2018 12:30:06 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

ANEXO I

OBRADOIRO “FAB LAB NO CAMPO EXPANDIDO. PLANIFICAR-CONSTRUIR”.

Datas de celebración: 8, 9, 14, 15 e 16 de novembro de 2018

Horario: 10h-14h

Lugar de celebración: sala X da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Obxetivos: desenvolver competencias ligadas á planificación e construción de instalacións artísticas, analizando as distintas fases do proxecto dun caso de estudio.

Directores do Curso: Paul Guy (artista e xefe de montaxes de exposicións no museo Marco de Vigo), Anxela Caramés.

Dirixido a: estudantes da Facultade de Belas Artes de Pontevedra e resto de alumnado da Universidade de Vigo interesados en desenvolver as ferramentas físicas e conceptuais que necesarias para levar a cabo as instalacións artísticas.

Prazas: 20 por orde de inscrición.

Prezo: gratuíto

Horas: 20

MATRÍCULA

Na plataforma culturxest.uvigo.es a partir do 29 de outubro de 2018

OBRADOIRO “CURSO DE INICIACIÓN Á ROBÓTICA EDUCATIVA”.

Datas de celebración: 8, 9, 15 e 16 de Novembro.

Horario: 16h-21h

Lugar de celebración: Sala de novas tecnoloxías, sede da vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Casa das Campás, rúa D. Filiberto 9-11, Pontevedra)

Descrición: introdución ao mundo da Robótica Educativa. Coñecemento das ferramentas necesarias para poder implementala dentro das aulas ou actividades extraescolares, así como a creación de unidades didácticas para cada momento escolar. Utilízase unha metodoloxía participativa e práctica, para que os participantes entren en contacto cos distintos dispositivos e poidan experimentar, programar e manexar distintos sistemas.

Obxectivos:

1. Coñecer diferentes aplicacións e materiais para desenvolver a robótica educativa nas aulas
2. Deseñar, construír e programar figuras robotizadas,
3. Explorar as posibilidades prácticas da programación aplicadas á educación.
4. Aprender mediante xogos e actividades lúdicas como forma de facilitar a aprendizaxe.
5. Manexar a placa Arduino a través do coñecemento das súas principais características.

Contidos:

- Introducción á Robótica Educativa
- Conceptos e utilización da robótica Educativa
- Robótica Infantil. Dispositivos e elaboración de recursos e UD
- Robótica. Programación de sistemas
- Software de programación e control. Deseño de videoxogos

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800002155

CSV

GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

26/10/2018 12:30:06 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

- Robots
- Robótica Arduino
- Conceptos, dispositivos, programación de placas

Prazas: 20 (alumnado da Universidade de Vigo) por orde de inscrición.

Prezo: gratuíto

Horas: 20

MATRÍCULA

Na plataforma culturxest.uvigo.es a partir do 29 de outubro de 2018

OBRADOIRO “A GAMIFICACIÓN COMO FERRAMENTA DE INNOVACIÓN E MOTIVACIÓN NA AULA”

Datas de celebración: 22, 23, 29 e 30 de novembro de 2018

Horario: 16h-21h

Lugar de celebración: Sala de novas tecnoloxías, sede da vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Casa das Campás, rúa D. Filiberto 9-11, Pontevedra)

Descrición: A gamificación é una técnica de ensinanza que traslada a mecánica dos xogos ao ámbito educativo coa finalidade de conseguir mellores resultados na aprendizaxe. Ten como obxectivo implicar aos alumnado no xogo, fomentando a consecución dos obxectivos educativos a través do mesmo.

Obxectivos:

1. Coñecer os principios da gamificación como forma innovadora de ensinanza na aula
2. Xerar unha estrutura nova dinámica que favoreza a aprendizaxe do alumnado.
3. Facilitar os procesos emocionais e grupais que potencien a aprendizaxe.
4. Potenciar ao máximo as habilidades dos alumnos/as a través da experimentación e o xogo.

Contidos:

MÓDULO I –

Que é a gamificación? Psicoloxía e motivacións non xogo

Motivación intrínseca e extrínseca

Experiencia práctica

MÓDULO II

Teoría das motivación

Como aprendemos? Estilos de aprendizaxe

Perfiles de xogadores

Dinámicas de xogo

Experiencia práctica

MÓDULO III

As emocións no proceso de gamificación

Mecánicas do xogo, fases de deseño dunha experiencia gamificada

Experiencia práctica

MÓDULO IV

A neurodidáctica e a gamificación, experiencia práctica

Deseño de xogos educativos

Experiencias prácticas de gamificación

Prazas: 20 (alumnado da Universidade de Vigo) por orde de inscrición.

Prezo: gratuíto

ÁMBITO- PREFEJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800002155

CSV

GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

26/10/2018 12:30:06 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

MATRÍCULA

Na plataforma culturxest.uvigo.es a partir do 29 de outubro de 2018

Horas: 20

OBRADOIRO "O VIÑO: CIENCIA, CULTURA E TERRITORIO"

Datas de celebración: 15, 19 e 22 de novembro de 2018

Horario: 19h-21h

Lugar de celebración: Pazo Mugartegui e sede da vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Casa das Campás, rúa D. Filiberto 9-11, Pontevedra)

15 novembro, 19.00 - 21.00 h. Variedades de vide e territorio. Ciencia, historia e tradición. Dra. Carmen Martínez. (CSIC). Vicerreitoría campus de Pontevedra (Casa das Campás).

19 novembro, 19.00 -21.00 h. O labor do "sumiller" na transmisión da cultura do viño. D. Adrián Gutiérrez. (Viñoteca Bagos). Vicerreitoría campus de Pontevedra (Casa das Campás) e Pazo Mugartegui.

22 novembro, 19.00 - 21.00 h. Denominación de Orixe Rías Baixas. O vínculo do viño co territorio. D. Ramón Huidobro. (D. O. Rías Baixas). Vicerreitoría campus de Pontevedra (Casa das Campás) e Pazo Mugartegui.

Prazas: 20 (comunidade universitaria da Universidade de Vigo) por orde de inscrición.

Prezo: gratuíto

Horas: 6

MATRÍCULA

Na plataforma culturxest.uvigo.es a partir do 29 de outubro de 2018

OBRADOIRO "OBRADOIRO PRÁCTICO DE COCIÑA SAUDABLE PARA CEREBROS OCUPADOS"

Datas de celebración: 8, 9, 15, 16, 22 e 23 de novembro de 2018

Horario: 16:30h-19:30h

Lugar de celebración: CIFP Carlos Oroza e sede da vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Casa das Campás, rúa D. Filiberto 9-11, Pontevedra). Haberá transporte gratuíto entre o campus e o CIFP Carlos Oroza.

Descrición

Xoves 8: Pautas teóricas e técnicas sobre nutrición e dietética.

Venres 9: Herbas e hortalizas da HortaOroza, con visita guiada pola horta con consellos de cultivo para auto consumo para o alumnado asistente, e posterior posta en práctica aprendendo a facer ensaladas, e pratos de hortalizas e verdura sinxelos. Degustación das elaboracións.

Xoves 15: Obradoiro práctico de elaboracións sinxelas e saudables de pastas e arroces. Degustación das elaboracións.

Venres 16: Obradoiro práctico de elaboracións sinxelas e saudables con peixes. Degustación das elaboracións.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800002155

CSV

GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

26/10/2018 12:30:06 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

Xoves 22: Obradoiro práctico de elaboracións sinxelas e saudables con diferentes tipos de carne como produto principal. Degustación das elaboracións.

Venres 23: Obradoiro práctico para a elaboración dun pan sinxelo e varias sobremesas saudables.

Docentes:

Marta Abad, Ricardo Fernández, Daniel Pulzoni e Francisco Rodríguez

Prazas: 20 (alumnado da Universidade de Vigo) por orde de inscrición.

Prezo: gratuíto

Horas: 18

MATRÍCULA

Na plataforma culturxest.uvigo.es a partir do 29 de outubro de 2018

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

000008735s1800002155

CSV

GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

26/10/2018 12:30:06 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-78e1-9a0d-e690-4910-b70d-b0a8-60cc-9d86

